

PRINCIPAIS NOVIDADES DA LOMCE

A LOMCE trae consigo unha serie de cambios nas diferentes etapas educativas do noso sistema educativo. **Pero como nos van a afectar eses cambios e en que consisten?** Vamos ver un pequeno resumen en cada unha das etapas:

🔗 EDUCACIÓN INFANTIL

Nesta etapa educativa non se produce ningún cambio. Ademais non afecta as materias desta etapa. E corresponde ao Goberno o deseño do currículo básico.

🔗 EDUCACIÓN PRIMARIA

Coa LOMCE desaparecen os ciclos en Primaria e polo tanto, organizase en 6 cursos independentes. Ademais constitúese en áreas que terán un carácter global e integrador.

Coa LOE unicamente podía repetirse curso ao finalizar cada ciclo, sen embargo, coa LOMCE poderá permanecerse un ano máis en calquera curso da etapa.

A área de **Coñecemento do Medio Natural, Social e Cultural** desdóbrase en **Ciencias da Natureza e Ciencias Sociais**. Desaparece a materia de **Educación para a Cidadanía**.

As familias terán que elixir obrigatoriamente se o seus fillos ou fillas cursan **Relixión Católica** ou outras relixións que se impartan no centro, ou a área de **Valores Sociais e Cívicos** que terá contido curricular. O

alumnado terá que elixir obrigatoriamente entre unha destas dúas materias.

Durante o curso escolar segundo a LOMCE as seis sesións de clase serán de 45 minutos en lugar das seis sesións de 60 minutos que tiñan lugar nos cursos regulados pola LOE.

A **avaliación** nos centros educativos nesta etapa será continua e global e haberá posibilidade dunha repetición cun **plan de reforzo ou recuperación**.

En canto as **avaliacións externas** haberá dúas nesta etapa:

a) 3º Ed. Primaria, terá un carácter diagnóstico, individualizada e será realizada polos centros educativos e deseñada polas administracións educativas. Avaliarase as competencias lingüística e matemática. E levará consigo medidas de reforzo si se detectasen dificultades.

b) 6º Ed. Primaria (avaliación final), será individualizada, avaliaranse as competencias básicas e o logro de obxectivos da etapa. Entregarase un informe co resultado ás familias e os centros de Primaria e ESO e poranse en marcha medidas de apoio ao alumnado e plans de mellora de centros segundo os resultados acadados.

🔗 EDUCACIÓN SECUNDARIA

A etapa da ESO organizase en materias e comprende dous ciclos, o primeiro ciclo de tres cursos escolares (1º,

2º e 3º) e o segundo de un (4º). Este último curso, 4º da ESO, terá dúas vías:

a) **Opción de ensinanzas académicas** para a iniciación ao bacharelato.

b) **Opción de ensinanzas aplicadas** para a iniciación á formación profesional.

Desaparece a materia de **Educación para a Cidadanía** e a materia de **Valores éticos** terá contidos curriculares e será a alternativa a área de **Relixión**.

Os **Programas de Diversificación Curricular (PDC)** serán substituídos polos **Programas de Mellora do Aprendizaxe e do rendemento** que se implantarán nos cursos de 2º e 2º da ESO. Estes irán dirixidos preferentemente ao alumnado que presente dificultades relevantes de aprendizaxe non imputables a falta de estudo ou esforzo e levarán consigo adaptacións organizativas e curriculares.

A **avaliación** será continua, formativa e integradora. Poderase repetir o mesmo curso unha soa vez e no conxunto da etapa, dúas veces como máximo.

A **promoción ao curso seguinte** será cun máximo de dúas materias suspensas, sempre que estas non sexan simultaneamente

Matemáticas e Lingua Castelá ou Lingua Galega.

En canto a **titulación**, será necesario **aprobar a proba externa para poder obter o título da ESO**. O alumnado poderá realizar a proba por calquera das dúas opcións

(académicas ou aplicadas) ou a ambas opcións na mesma convocatoria ou sucesivas **con independencia da opción cursada na ESO.** Esta proba terá dúas convocatorias.

As avaliacións centraranse nas materias troncais xerais (Bioloxía e Xeoloxía, Física e Química se o alumnado as escolle como materias de opción), dúas materias troncais de opción de 4º (académicas ou aplicadas), e unha materia específica cursada en calquera dos cursos que non sexa Educación Física ou Relixión.

A **calificación final** será a media das cualificacións de ESO ponderada ao 70%, e da avaliación final ponderada ao 30%.

A **primeira avaliación final de ESO** realizarase ao finalizar o curso 2016-2017 ao alumnado que cursase 4º de ESO, e **non terá efectos académicos** (non será necesario superala para obter o título de Graduado en ESO).

A **avaliación final que se realice ao finalizar o curso 2017-2018 si terá efectos académicos.**

⌘ BACHARELATO

Para acceder requírese estar en posesión do título de Graduado en ESO pola opción de ensinanzas académicas.

O bacharelato organizase en tres modalidades: Ciencias; Humanidade e Ciencias Sociais (con 2 itinerarios diferenciados); e Artes.

Para obter o **Título de Bacharelato** será necesario superar todas as materias do Bacharelato e a **avaliación**

final. O título permitirá acceder as distintas ensinanzas de educación superior.

Poderase repetir un dos dous cursos unha soa vez como máximo, se ben excepcionalmente poderase repetir un dos cursos por segunda vez.

A **cualificación final** obterase da media das cualificacións de Bacharelato ponderada ao 60%, e da avaliación final ponderada ao 40%.

As avaliacións centraranse en todas as materias troncais xerais e dúas materias troncais da opción cursada en calquera dos cursos (se implican continuidade se terá en conta só a materia cursada en 2º), así como unha materia específica cursada en calquera dos cursos que non sexa Educación Física nin Relixión.

A **primeira avaliación final de Bacharelato** realizarase ao finalizar o curso 2016-2017 ao alumnado que cursase 2º de Bach., e **non terá efectos académicos** (non será necesario superala para obter o título de Bacharelato **aínda que si se terá en conta para o acceso á Universidade.** A **avaliación final que se realice ao finalizar o curso 2017-2018 si terá efectos académicos.**

⌘ FORMACIÓN PROFESIONAL

A formación profesional comprenderá os ciclos de Formación Profesional Básica, os Ciclos de Grado Medio e os de Grado Superior, cunha organización modular, de duración variable, na que se integrarán

contidos teórico – prácticos. A **FP Básica** substitúe aos Programas de Cualificación Profesional Inicial (PCPI), a esta formación poderán acceder o alumnado que cursará o primeiro ciclo da ESO ou excepcionalmente 2º da ESO e que teñan entre 15 e 17 anos. Dende a FP Básica poderán acceder a FP de Grado Medio.

Para o acceso a **Grado Medio** será preciso algún dos seguintes requisitos: Título FP Básica; Título da ESO; acreditación de todas as materias da ESO; ou curso de formación específico (17 anos).

O Título de Técnico dará acceso aos ciclos Formativos de Grado Superior. É dicir, suprímese o requisito de curso ou proba de acceso dende Formación Profesional de Grao Medio a Grao Superior, e substitúese por un procedemento de admisión ao centro cando a demanda supere a oferta de prazas.

Para acceder a **Grado Superior** será preciso ter algún dos seguintes requisitos: o Título de Técnico; Título de Bacharelato; acreditación de todas as materias Bacharelato; ou proba de acceso (19 anos).

1. Ao principio do corredor hai tres interruptores, A, B e C, e o noso personaxe pulsa o interruptor A, espera 10 minutos, apágao, pulsa o B e atravesa o corredor. Ao abrir a porta pódese encontrar con tres situacións: Se a luz esta acendida o interruptor será o B. Se a luz esta apagada e a lámpada quente será o A. E se esta apagada e a lámpada fría será o C.
2. En coche.
3. Vinte en números romanos é XX, si agregámoslle un no medio quedanos XIX.
4. Diego ten 36 anos.
5. O home tiña impo.
6. Lisa está casada, polo que non pode ser xamnasta. Marta é máis alta que a futbolista, polo que tampouco pode ser xamnasta nin futbolista. Por eliminación, Berta é a xamnasta, Lisa é a futbolista e Marta é a nadadora.

| | | |
|---|---|---|
| 5 | 2 | 6 |
| 1 | 9 | 3 |
| 8 | 4 | 7 |

7. A muller de Dionisio.
Segundo o sentido das agullas do reloxo, a colocación é a seguinte: Armando, muller de Dionisio, Basilio, muller de Armando, Carlos, muller de Basilio, Dionisio e muller de Carlos.
9. O condenado dixo: «MORREREI NA CACHARELA». Se esta frase é certa, o condenado debe morrer envelenado. Pero nese caso xa é falsa. E se é falsa, debe morrer na cacharela, pero neste caso é verdadeira. O condenado foi indultado.